

O Gran Prix das Carrilanas de Esteiro presenta o cartel da súa XXXV edición, que terá lugar do 19 ao 21 de xullo

O evento, declarado Festa de Interese Turístico Nacional, e que no 2023 contou con 35.000 asistentes, conta cunha programación cultural dirixida a todos os públicos, á fin de difundir e poñer en valor todo o imaxinario vinculado aos xogos populares da tradición galega



Esteiro (Muros), 2 de xullo de 2024.- O Gran Prix das Carrilanas de Esteiro xa ten cartel para a súa XXV edición, que se celebrará os días 19, 20 e 21 de xullo na comarca do Barbanza. A axencia creativa oleiresa Guillotina Estudio é a responsable do deseño do cartel deste grande evento familiar, declarada **Festa de Interese Turístico Nacional** e que o ano pasado reuniu a máis de 35.000 asistentes.

Esteiro acollerá, do 19 ao 21 de xullo, un dos eventos de referencia do verán galego e que xira arredor **da promoción e posta en valor das carrilanas**, vehículos artesanais, feitos de madeira, que descendem sen axuda de motor polo circuito de 'O Maio', situado na localidade. A singularidade desta festividade, que mantén viva unha proposta que ten a súa orixe nos xogos populares de tradición galega, fai que o **Gran Prix das Carrilanas de Esteiro sexa, alén dun orgullo para a súa veciñanza, unha cita ineludible para as amantes da artesanía, da velocidade e da tradición.**

A competición do **Gran Prix**, que este ano celebrará o **21 de xullo** o seu 35º aniversario, está **aberta a todas as idades e xéneros** e conta con tres categorías: **Infantil** (que poden pilotar as nenas e nenos menores de 18 anos ou acompañados de maiores), **Carrilanas lentas** (nas que prima a diversión e os disfraces) e **Carrilanas rápidas**, a máis espectacular de todas e, posiblemente, a proba de velocidade máis intensa de Galicia.

A inscrición no Gran Prix, que é gratuíta, terá lugar o sábado 20 de xullo, de 12.00 a 15.00 horas, na Alameda de Esteiro. Esa mesma xornada levaranse a cabo as verificacións técnicas e administrativas así como a proba da Pole Position. Toda a normativa sobre o Gran Prix das Carrilanas de Esteiro está dispoñible na páxina web www.carrilanasesteiro.gal

Programación cultural para todos os públicos

O Gran Prix complétase cunha **programación cultural, aberta a todos os públicos**, que ten lugar durante os tres días de celebración do grande espectáculo galego das carrilanas. Ademais de actividades diurnas, coma concertos para público infantil e familiar, obradoiros ou contacontos, ao programa inclúe un **mercado tradicional de artesanía e un festival de música gratuíto**, nomeado como Festival das Carrilanas, e que este ano contará coa participación, entre outras formacións, de **Tanxugueiras, Sidecars, The Rapants, Mondra, Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, Capital Voskov, Monoulious DOP, Lontreira e Galician Army**. Nas vindeiras semanas daranse a coñecer as actuacións musicais que completarán a programación cultural da festa das carrilanas en Galicia.

A celebración da XXXV edición do Gran Prix das Carrilanas de Esteiro, promovida pola ADC Esteirana de Carrilanas, conta co apoio de institucións públicas como o Concello de Muros, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia; ademais do patrocinio de Vibra Mahou, a plataforma de música de Mahou Cinco Estrellas que xera encontros en torno ao directo e de ABANCA.

Contacto de prensa Carrilanas

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es